

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE DECEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 196/2010, do 25 de novembro, polo que se aproba a planificación das autorizacións de explotación de máquinas de tipo B na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2016.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio marco de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Red.es e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o fomento do emprendemento de base tecnolóxica e a innovación aberta na Comunidade Autónoma de Galicia, cun importe de tres millóns cincocentos mil euros (3.500.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración que regula a subvención, mediante concesión directa e tramitación anticipada, entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense, para a execución do proxecto denominado “creación dunha piscina flotante termal no balneario de Laias (Cenlle)”, por importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Deputación Provincial de Ourense, o Instituto Nacional de Desenvolvemento Económico (INORDE), Cooperativas Ourenšanas Asociadas (COREN), Ecolagunas S.L, e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de participación no proxecto Proxecto Life REXENERA por importe de dous millóns cincuenta e tres mil oitocentos oito euros (2.053.808,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da orde pola que se modifica a Orde do 7 de agosto de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social do Plan rehaVlta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015–2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, con financiamento plurianual.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados e á conta derivados da convocatoria para o exercicio 2016 das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios) cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2016 das axudas do Igape para a contratación de xestores de internacionalización, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total dun millón de euros (1.000.000,00 €), e se exime de constitución de garantías nos pagamentos á conta.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de acción formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2016 e 2017 e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixido a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 30.04.2013 entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL), para a prórroga no ano 2016 da realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia nas explotacións leiteiras, por un importe total de catrocentos vinte e cinco mil cincuenta euros (425.050,00 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinada ás entidades locais de Galicia.

- Informe sobre a Orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe polo que se dá conta da aprobación da Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo lobo e se convocan para o ano 2016. Tramitación anticipada de gasto.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE PRORROGA A VIXENCIA DAS AUTORIZACIÓNS DAS MÁQUINAS TIPO B NA COMUNIDADE GALEGA

- *Este decreto ten por obxecto manter a actual planificación de autorizacións de explotación de máquinas de tipo B mediante a ampliación do seu período de vixencia por un período de tempo idéntico ao inicialmente previsto, por outros cinco anos*
- *O límite fundaméntase na necesidade de planificar o xogo e de non fomentar o seu hábito e para prever un aumento de ludopatías ou faltas de control administrativo sobre o acceso ás ditas máquinas*
- *Mantense o mesmo número de licenzas ata o de agora, polo que se fixa o número máximo en 13.312 máquinas, que é o número das autorizacións declaradas en activo*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 196/2010, do 25 de novembro, polo que se aproba a planificación das autorizacións de explotación de máquinas de tipo b, na comunidade autónoma de Galicia. Este decreto ten por obxecto manter a actual planificación de autorizacións de explotación de máquinas de tipo B mediante a ampliación do seu período de vixencia por un período de tempo idéntico ao inicialmente previsto, é dicir, por outros cinco anos.

O anterior decreto fixaba un período de vixencia de cinco anos a partir da súa entrada en vigor. Tendo en conta que na disposición derradeira do referido decreto se establecía que este entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2011 aquel período de vixencia finalizaría con data 1 de xaneiro de 2016, polo que agora coa nova entrada en vigor deste decreto finalizaría o 1 de xaneiro do 2021.

As circunstancias anteriormente referidas que motivaron a planificación fixada no Decreto 196/2010 non teñen variado significativamente dado que a situación real do mercado segue sendo similar e por tal razón o que resulta máis aconsellable é manter a mesma planificación mediante a ampliación do seu período de vixencia por outros cinco anos.

Ademais, considérase que o volume actual do número de autorizacións de explotación de máquinas B que operan na nosa comunidade é suficiente para atender a demanda social deste sector de xogo mentres que o seu incremento poñería en risco o seu equilibrio, dificultando a protección dos intereses que os órganos reguladores do xogo están obrigados a garantir.

O Decreto 196/2010, do 25 de novembro estipulaba como número máximo de autorizacións de explotación de máquinas de tipo B en 13.312. O límite fundaméntase na necesidade de planificar o xogo e de non fomentar o seu hábito e para prever un

aumento de ludopatías ou faltas de control administrativo sobre o acceso ás ditas máquinas

A limitación das autorizacións de explotación das máquinas tipo B ten o seu fundamento na necesidade de planificar o xogo, tendo en conta a súa realidade, a súa incidencia social, as súas repercusións económicas e tributarias e o non fomento do seu hábito, racionalizando a oferta desta modalidade de xogo.

O PROGRAMA ANUAL ESTATÍSTICO 2016 DA COMUNIDADE AUTÓNOMA INCLÚE 170 OPERACIÓNS, SEIS MÁIS QUE NESTE 2015

- *Estas estatísticas proporcionarán nova información sobre territorio, sociedade, estrutura produtiva, coñecemento ou tecnoloxía*
- *Ademais, a oferta de 2016 enriquecerase con novas actividades sobre poboación, mundo laboral, vivenda, acuicultura e actividade empresarial*
- *Este é o derradeiro programa do Plan galego de estatística 2012-2016, que avanza na consolidación da organización estatística de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de decreto do programa estatístico Anual da Comunidade Autónoma para o ano 2016, que inclúe 170 actividades estatísticas, seis máis que o programa vixente, sobre territorio, sociedade, estrutura produtiva, coñecemento e tecnoloxía. O Instituto Galego de Estatística (IGE) e os órganos estatísticos das consellerías enriquecerán no 2016 a súa oferta, accesible para toda a cidadanía a través da páxina web, con novas actividades sobre poboación, mundo laboral, vivenda, tecnoloxías da información, acuicultura ou actividade empresarial. Tamén se ampliará a oferta estatística dos concellos galegos sobre afiliacións e pensións.

Ademais, prográmanse 24 actividades de análise, entre as que salienta o estudo do sector do transporte e da loxística para aproveitar a información e incrementar o seu valor. Actualizarase tamén o Observatorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal e afondarase no coñecemento da empregabilidade das persoas discapacitadas. A elaboración de escenarios macroeconómicos e de indicadores de xénero para os orzamentos xerais serán outras actividades de análise.

O IGE seguirá a executar as grandes enquisas dos programas anteriores, ampliando a difusión da Enquisa de Poboación Activa (EPA) para ofrecer datos sobre ensino, formación, condicións de traballo ou experiencia profesional. A Enquisa Estrutural a Fogares completará a súa difusión con información sobre equipamento das vivendas e mobilidade da poboación.

O Programa estatístico anual de Galicia para o vindeiro ano 2016, o derradeiro do Plan galego de estatística 2012-2016, afondará na transparencia, o rigor e a obxectividade do sistema estatístico galego. Ademais, permitirá avanzar na consolidación da organización estatística da Comunidade ao tempo que contribuirá á creación dun verdadeiro sistema público en España.

Plan galego de estatística 2012-2016

O Plan galego de estatística 2012-2016 supón un marco legal que consolida e amplía os logros dos anteriores. Ademais, coloca a Galicia entre o reducido número de

comunidades autónomas dotadas dun sistema estatístico acorde cos principios internacionais de boas prácticas, como son a independencia profesional, o mandato xurídico para a recolla de datos, o compromiso de calidade, a confidencialidade, a imparcialidade e a obxectividade.

MÁIS DE 42.000 PENSIONISTAS BENEFICIARANSE DO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS PARA O QUE A XUNTA INVESTIRÁ 8,7 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Xunta autoriza o proxecto de decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez***
- ***Esta medida forma parte da aposta decidida do Goberno galego de seguir apoiando as persoas e familias con menos recursos***
- ***En 2016, as partidas económicas no ámbito da inclusión social aumentan en máis dun 24% en relación con este ano, alcanzando un total de 86,5 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto que establece o complemento extraordinario para persoas con pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS), do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimo (SGIM). A contía individual deste complemento fíxase nos 206 euros, Galicia é unha das comunidades que achega o importe máis elevado a cada pensionista. O Goberno galego destinará un total de 8,7 millóns de euros a esta axuda de carácter social que ten por obxecto contribuír á mellora da renda destas persoas cun nivel reducido de ingresos.

Esta prestación aboarase nun pagamento único no mes de xaneiro e non precisa de solicitude previa por parte da persoa beneficiaria, xa que este se realizará de oficio a todas as persoas que reúnan os requisitos establecidos no decreto. Estes son: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina o 1 de xaneiro de 2015 e permanecer nesta mesma situación de alta o día en que se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este decreto.

Un ano máis a Administración autonómica mantén este complemento dirixido ás pensións non contributivas dentro da aposta do Goberno galego de seguir apoiando as persoas e familias con menos recursos. Nesta liña, en 2016 as partidas económicas no ámbito da inclusión social aumentan en máis dun 24% en relación a este ano, alcanzando un total de 86,5 millóns de euros. Dentro deste eixe, cómpre salientar o crédito inicialmente consignado para a RISGA, que é de 52,7 millóns de euros -5 millóns de euros máis en comparación co presente exercicio-; así como o Plan social contra a desigualdade económica, cunha dotación económica que supera os 20 millóns de euros para dar cobertura, entre outras medidas, ao ticket eléctrico, ou ao programa Reconduce, para as familias en risco de perder a vivenda por non poder pagar a hipoteca ou alugueiro.

A XUNTA E O GOBERNO CENTRAL COLABORAN PARA IMPULSAR O EMPRENDIMENTO DIXITAL EN GALICIA

- *A través de Red.es e a Amtega investirán 3,5 millóns de euros no desenvolvemento de servizos de incubación e aceleración, de apoio á busca de financiamento e de dotación de equipamento tecnolóxico*
- *Este acordo marco reforza as actuacións que recolle a Axenda Dixital de Galicia 2020 para consolidar un sector tecnolóxico que lidere a dixitalización dos restantes sectores produtivos*
- *Galicia é a quinta comunidade con máis empresas do sector TIC, que dan emprego a máis de 14.000 profesionais*
- *A Administración autonómica vén apostando por potenciar o talento emprendedor de base tecnolóxica con iniciativas como Galicia Open Future, á cal se presentaron máis de 300 proxectos empresariais nos dous últimos anos*

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e a entidade estatal Red.es, colaborarán para impulsar o emprendemento dixital en Galicia. Así se recolle nun acordo marco, aprobado hoxe no Consello da Xunta, e que ambas as entidades asinarán próximamente.

A Amtega e Red.es destinarán en total 3,5 millóns de euros as medidas que se desenvolvan ao abeiro do acordo. A entidade pública estatal achegará o 80 % do orzamento e o departamento autonómico o 20 % restante.

O acordo marco define catro eixos xerais de actuación, aliñados coas medidas da Axenda Dixital de Galicia 2020, para impulsar a innovación tecnolóxica, a competitividade e o emprego no ecosistema dixital.

Catro grandes eixes de actuación

Así, ambas entidades definirán medidas concretas para impulsar servizos de incubación e aceleración para apoiar iniciativas de acompañamento das empresas a través de servizos de asesoramento, *mentoring* e capacitación, entre outros.

Un segundo eixe serán os servizos orientados á mellora do proceso emprendedor, con medidas para impulsar ecosistemas e mecanismos de colaboración entre axentes, *start ups*, emprendedores e empresas doutros sectores, así como incentivar a apertura ao exterior.

Os servizos de apoio á busca de financiamento é a terceira das áreas de actuación do acordo, que contempla tamén actuacións para dotar de equipamento tecnolóxico a espazos habilitados para o uso de emprendedores e *start ups*.

Impulso ao sector TIC, liña estratéxica da Axenda Dixital 2020

A Axenda Dixital de Galicia 2020 busca impulsar un modelo de crecemento baseado na economía dixital, apostando pola dixitalización da actividade empresarial e pola consolidación dun sector TIC que lidere o fortalecemento do tecido empresarial empresarial galego.

Unha liña de actuación na cal a Xunta vén traballando con medidas como o Plan Transformativo que en 2016 contará cun orzamento de 1,1 millóns de euros para desenvolver actuacións, en colaboración co sector empresarial, universidades, centros tecnolóxicos, centros de investigación, colexios profesionais e o propio sector TIC orientadas a fomentar o desenvolvemento de solucións TIC innovadoras adaptadas ás necesidades específicas das pemes e a promover as vocacións tecnolóxicas.

A Administración autonómica galega aposta tamén por potenciar o talento emprendedor de base dixital na Comunidade con iniciativas como Galicia Open Future (GOF). Esta aceleradora de empresas, impulsada por Telefónica e a Xunta, celebrou xa dúas convocatorias ás cales se presentaron 330 iniciativas emprendedoras, das que foron seleccionadas 100.

En 2016 lanzarase a terceira convocatoria de Galicia Open Future, que acollerá na súa sede do Gaiás outros 50 proxectos que poderán aproveitar os recursos, ferramentas, formación e asesoramento que a Xunta e Telefónica poñen á súa disposición.

Sector TIC en Galicia

Galicia ten rexistradas un total de 2.442 empresas TIC, o que a converte na quinta Comunidade con tecido empresarial TIC. O sector tecnolóxico dá emprego a 14.400 traballadores e o seu volume de negocio superou os 2.396 millóns de euros en 2014, un 4,6 % máis que no ano 2013.

TURISMO DE GALICIA POTENCIARÁ OS RECURSOS TERMAIS DA PROVINCIA DE OURENSE CUNHA ZONA DE BAÑO NO CONTORNO DO BALNEARIO DE LAIAS

- *O Consello da Xunta aprobou a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense para a creación deste novo reclamo turístico*
- *Trátase dunha das actuacións incluídas no Plan de turismo termal para a provincia de Ourense que está a dar impulso á riqueza termal presente na provincia e poñendo en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense*
- *Nos primeiros dez meses do ano, a provincia de Ourense incrementou os viaxeiros aloxados nos seus establecementos nun 9,5 %, en relación co mesmo período do pasado ano*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Deputación de Ourense para a creación dunha piscina flotante termal no balneario de Laias, en Cenlle.

Trátase dunha das actuacións incluídas no Plan de turismo termal para a provincia de Ourense que está a dar impulso á riqueza termal presente na provincia e poñendo en valor turístico os recursos naturais e culturais de Ourense, estruturando a súa oferta, os seus recursos e os seus servizos consolidando, así, o destino 'Ourense, provincia termal'.

O Plan dedica unha das súas liñas estratéxicas á mellora e potenciación das infraestruturas termais. Enmarcada nesta liña estratéxica Turismo de Galicia, continúa coa súa aposta pola rehabilitación e adecuación de infraestruturas xa existentes co fin de mellorar a oferta termal da provincia de Ourense, en particular, e Galicia, en xeral.

O obxectivo é impulsar o sector termal en Galicia ao constituír un dos produtos turísticos con maior grao de especialización e singularidade, con maior capacidade de desestacionalización da demanda, con poder para a captación de máis segmentos de público e de gran atractivo para a articulación de oferta turística combinada con outros produtos ou servizos relacionados co patrimonio cultural, natural, enogastronómico ou deportivo.

Mediante o convenio de colaboración, Turismo de Galicia achegará 200.000 euros, para a creación dunha zona de baño termal no contorno do Balneario de Laias, á beira do río Miño, que estará comunicada co balneario situándose nunha distancia próxima a el. Así mesmo, o acordo inclúe a instalación dunha pasarela que comunique o balneario coa nova plataforma flotante, a cal empregará os materiais adecuados para a súa integración no contorno.

Plan termal

Esta iniciativa únese a outras actuacións xa postas en marcha e finalizadas do Plan Termal como o balneario de Cortegada, o aumento da capacidade da oferta de aloxamento en Verín mediante a conversión da acrópole de Monterrei en parador ou a creación de novas rutas turísticas como o Ecovía fluvial do Támega ou a ruta do río Caldo.

A execución de accións está a continuar neste ano con actuacións como a sinalización das vilas termais, o inicio dos traballos para a clasificación e definición da oferta termal, o desenvolvemento do programa turismo sénior termal de Galicia ou o avance do proxecto *Smart Turismo*, entre outras.

En total, Turismo de Galicia investiu xa mais de tres millóns de euros en iniciativas integradas neste plan a prol do turismo termal de Ourense en particular e de Galicia en xeral.

Incremento da demanda turística

Con todo, a provincia de Ourense está a incrementar a súa demanda turística. Nos primeiros dez meses do ano, a provincia de Ourense albergou nos seus establecementos hoteleiros a 246.198 viaxeiros, o que supuxo un incremento do 9,5%, en relación co mesmo período do pasado ano.

Así mesmo, a ocupación tamén en aumentou nestes primeiros dez meses do ano na provincia ourensá, en 2,26 puntos porcentuais, neste caso.

A XUNTA DESTINA 9,5 MILLÓNS A APOIAR A COOPERACIÓN EMPRESARIAL E A CONTRATACIÓN DE XESTORES PARA INCREMENTAR AS EXPORTACIÓNS

- *O Goberno galego achega o Galicia Exporta ás pemes galegas, destinando 8,5 millóns a promover a cooperación para desenvolver actuacións conxuntas en mercados exteriores*
- *O programa beneficia tamén a asociacións e clústers co obxectivo de falicitar a posta en marcha de misións empresariais en novos mercados*
- *O Igape destina, ademais, un millón de euros á contratación de arredor dun centenar de profesionais, facilitando a súa inserción laboral para traballar como xestores de internacionalización*
- *As actuacións, que beneficiarán a 1.200 pemes galegas, enmárcanse na estratexia de internacionalización que está a desenvolver a Xunta co fin de manter o bo ritmo exportador da Comunidade, cuxas vendas ao exterior medraron no que vai de ano case un 5 % con respecto a 2014, sumando 15.775 millóns de euros*

A Xunta de Galicia, na súa aposta pola internacionalización do tecido empresarial como un dos piares do crecemento económico, segue a desenvolver diferentes programas de impulso para facilitar a saída ao exterior das pemes galegas. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria para apoiar as estratexias de promoción exterior impulsadas por pemes, asociacións e clústers empresariais, así como os apoios para a contratación de xestores en internacionalización en empresas galegas, que convoca a Consellería de Economía, Emprego e Industria a través do Igape.

O primeiro destes programas, o Galicia Exporta, busca dar un novo pulo ás exportacións galegas apoiando accións promocionais conxuntas en novos mercados de interese. Neste sentido, apóstase por potenciar a cooperación das pemes galegas de cara a mellorar a súa competitividade, incrementando a capacidade de medrar nos mercados internacionais. Nesta mesma liña, o programa facilitará tamén o impulso das iniciativas de promoción exterior lideradas por asociacións empresariais, consellos reguladores, clústers e centros tecnolóxicos.

Para acadar estes obxectivos, a liña conta cun orzamento de 8,5 millóns de euros. O importe máximo dos apoios que poden obter as pemes e os organismos intermedios sitúase nos 150.000 euros, cubrindo o 90 % dos gastos subvencionables.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoiou na última edición desta iniciativa 50 actuacións en 21 mercados estranxeiros, en que participaron preto de 500 empresas galegas. Estes proxectos permitiron ás compañías galegas pechar máis de 300 acordos, que supoñen arredor de 4 millóns de euros en volume de negocio.

Apoio ao talento

Polo que se refire á convocatoria dos xestores de internacionalización, os apoios, dun millón de euros, facilitarán a contratación de arredor dun centenar de especialistas. Estes apoios poden cubrir o 80 % do salario neto, a tempo completo ou a media xornada, por un máximo de quince meses; ou o 85 % do salario neto no caso da contratación de mulleres ou mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil.

A convocatoria deste ano enfócase cara a profesionais con formación no ámbito internacional pero con pouca experiencia laboral. O Igape facilita así a inserción laboral dos mozos galegos proporcionando ademais un servizo de titorización nas empresas durante o período de contratación subvencionada, ao tempo que organizará cursos de formación para incrementar a bolsa de traballo de xestores deste tipo. Neste marco, nos últimos exercicios tense contribuído á contratación arredor de 300 xestores de internacionalización por empresas e asociacións empresariais galegas.

Mediante estas liñas de apoio, que beneficiarán a 1.200 pemes galegas, a Consellería de Economía, Emprego e Industria avanza no impulso da internacionalización do tecido produtivo galego, que está a promover a través da Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega, á cal destina 50 millóns entre este ano e o que vén, buscando incrementar as exportacións en máis dun 25 % ata 2020, e facer de Galicia un foco de atracción de investimentos especializado en sectores e países concretos.

O obxectivo final dos servizos e liñas de apoio á internacionalización é manter o bo ritmo exportador da Comunidade, cuxas vendas ao exterior se teñen incrementado nun 10 % o pasado mes de outubro con respecto ao mesmo mes do ano anterior. O crecemento tamén é sólido no acumulado anual: entre xaneiro e outubro as exportacións medraron nun 4,9 % con respecto ao mesmo período de 2014, sumando 15.775 millóns de euros. De feito, o ritmo exportador tamén medra un 3,3 % con respecto ao do ano récord das exportacións galegas, 2013.

A XUNTA DESTINARÁ 49,3 MILLÓNS EN 2016 PARA MELLORAR A EMPREGABILIDADE DE MÁIS DE 13.000 GALEGOS

- *Trátase de catro programas, incluídos na Axenda de Emprego, centrados na formación de persoas desempregadas, obradoiros de emprego, incluída a liña específica para a inserción laboral dos menores de 30 anos, e os plans integrados*
- *Estas liñas promoven e fomentan a colaboración cos concellos galegos*
- *Dedícanse 33 millóns ao desenvolvemento de máis de 670 accións formativas que beneficiarán a preto de 10.100 desempregados*
- *Ademais, resérvanse preto de 14 millóns para a posta en marcha de 80 obradoiros de emprego*
- *Aos programas integrados de emprego, que contan con itinerarios de formación personalizados, destinaranse preto de 3 millóns para beneficiar a 1.600 galegos e galegas*
- *Como novidade, o próximo ano inclúense novas accións formativas entre as que destacan modalidades de soldadura, caldeirería, estruturas metálicas e deseño da industria naval ante o aumento da carga de traballo no sector naval*

A Xunta de Galicia investirá o próximo ano máis de 49,3 millóns de euros en catro programas de emprego e formación que teñen como obxectivo fundamental mellorar a empregabilidade de máis de 13.000 galegos e galegas. En concreto, o Consello da Xunta deu hoxe o visto bo ás liñas de axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria dirixidas á realización de cursos de formación para persoas desempregadas; aos obradoiros de emprego, que inclúe os apoios aos menores de 30 anos; e, por último, aos programas integrados, con itinerarios de formación especializados. Todas estas liñas de axudas inclúense dentro da Axenda de Emprego que a Xunta porá en marcha no mes de xaneiro e fomentan a colaboración institucional entre o Goberno galego e os concellos.

En primeiro lugar, o programa de formación para persoas desempregadas conta cun orzamento de preto de 33 millóns de euros para a realización de máis de 670 cursos nos cales participarán preto de 10.100 persoas. A formación, vinculada á obtención dun certificado de profesionalidade con validez en todo o Estado, ten como novidade este ano novas materias entre as que destacan modalidades de soldadura, caldeiraría, estruturas metálicas e deseño da industria naval, ante o aumento da carga de traballo nos estaleiros. Ademais, a orde de axudas establece como áreas formativas prioritarias a internacionalización, o emprendemento, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. A selección dos participantes realizarase sobre as persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Ademais, a Xunta destinará preto de 14 millóns de euros para os obradoiros de emprego nos concellos galegos e asociacións locais, unha cantidade que inclúe as

axudas específicas para mellorar a inserción laboral dos menores de 30 anos. A previsión da Consellería é poñer en marcha aproximadamente 80 obradoiros de emprego ao longo de 2016, dos cales se poderán beneficiar máis de 1.300 persoas.

Estes programas céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten un traballo que, xunto coa formación profesional para o emprego, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral. Esta formación impulsa tamén o emprendemento xa que os beneficiarios recibirán formación específica que lles permitirá iniciar os seus propios proxectos. De feito, a Xunta destinará 40 millóns de euros aos emprendedores en 2016 na súa estratexia de apoio a este colectivo como un dos motores da economía galega.

O 20 por cento dos participantes dos obradoiros serán beneficiarios da RISGA e se primaranse aqueles proxectos relacionados coa rehabilitación e mellora de infraestruturas públicas e de espazos ambientais. Cada proxecto terá unha duración de seis meses e alternará formación e práctica profesional, co obxectivo de mellorar á aprendizaxe, a cualificación e adquisición de experiencia profesional. Durante a duración dos proxectos os seus beneficiarios estarán contratados pola entidade promotora na modalidade do contrato para a formación e aprendizaxe.

Máis oportunidades para menores de 30 anos

Con respecto aos obradoiros específicos para menores de 30 anos, é necesario estar inscrito no Sistema nacional de garantía xuvenil para ser seleccionado. As actividades que realicen estarán vinculadas coa titulación ou formación previa que posúan e terán que redundar na mellora do seu nivel de competencia profesional. O obxectivo de garantía xuvenil é incrementar as oportunidades de emprego dos menores de 30 anos e que os inscritos reciban unha oferta de traballo, de educación continua, de formación de aprendiz ou un período de prácticas tras acabar a educación formal ou quedar desempregados.

Formación personalizada

Por último, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ás axudas para os programas integrados de emprego, con itinerarios personalizados para mellorar a procura dun posto de traballo, que contarán con preto de 3 millóns de euros de orzamento para beneficiar 1.600 persoas. Esta actuación está enfocada á colaboración cos concellos co fin de que poidan mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral dos veciños desempregados.

A iniciativa está dirixida á inserción laboral das persoas desempregadas e ten como obxectivo o desenvolvemento de plans integrais que combinen accións de diversa

natureza, como orientación e asesoramento, formación, prácticas laborais e mobilidade xeográfica. O programa establece uns obxectivos de inserción laboral dos traballadores que participan nel, tendo que acadar un emprego como mínimo o 25 % dos participantes.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO PROXECTO INNOVADOR 'LIFE REXENERA LIMIA', QUE BUSCA UNHA MELLOR XESTIÓN AMBIENTAL DOS TERREOS AGRARIOS

- ***A Consellería de Medio Ambiente investirá máis de 127.000 euros en accións concretas no marco desta iniciativa na cal participan tamén a Deputación de Ourense, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e distintas empresas***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o convenio de colaboración para a posta en marcha do proxecto innovador *Life Rexenera Limia*, cuxo obxectivo é mellorar a xestión ambiental dos terreos agrarios. A Xunta de Galicia investirá máis de 127.000 euros en accións concretas no marco desta iniciativa na cal participan tamén a Deputación de Ourense, a Confederación Hidrográfica do Miño- Sil e distintas empresas.

Desde a Xunta de Galicia destácase que grazas a este tipo de colaboracións se traballa a prol dunha mellor xestión ambiental dos terreos agrarios, tanto no que se refire á xestión dos fertilizantes como ás augas residuais procedentes de xurros de porcino, que poden ser tratadas con tecnoloxías brandas para o medio. Ademais, é un exemplo de colaboración entre distintas administracións e empresas para a posta en marcha dun proxecto innovador, cun claro obxectivo ambiental.

Os principais obxectivos desta iniciativa, en que participa a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral da Conservación da Natureza, son:

- Mellorar a xestión ambiental dos terreos agrarios, optimizando o uso dos fertilizantes orgánicos a través dun sistema de control integrado das condicións edafolóxicas.
- Demostrar que é posible reforzar a prevención da contaminación por nutrientes a través do tratamento de augas residuais mediante humidais artificiais intensivos de macrófitos.
- Demostrar que a recuperación ambiental de canles fluviais modificadas e a rexeneración e reconexión de sistemas lagunares son opcións viables que contribúen a reducir a eutrofización.
- Facilitar e promover a transferencia dos resultados obtidos, sobre todo compartir esta información entre o colectivo de gandeiros e agricultores.

Por último, cómpre destacar que este tipo de iniciativas fomentan que esta comarca poida manter o liderado en produción agrogandeira evitando prexuízos ao medio natural, é dicir, facendo compatible o desenvolvemento económico e a conservación do medio natural.

A bacía do río Limia conta na actualidade cunha importante actividade agraria e gandeira que teñen unha influencia significativa sobre as masas de auga do seu sistema fluvial, xa que xera impactos sobre o medio acuático. A aplicación de fertilizantes e da fortificación nas súas diferentes formas, xunto coas augas residuais urbanas, provoca a contaminación difusa das augas, tanto superficiais como subterráneas, así como unha redución significativa e mesmo a eliminación do bosque de ribeira, co consecuente dano aos ecosistemas fluviais.

As augas e os ecosistemas asociados que sofren este tipo de presión antropoxénica son moi vulnerables á eutrofización, que xera a degradación ambiental dos ecosistemas e a potencial toxicidade das cianobacterias mediante a xeración de microcistinas.

O proxecto pretende demostrar a viabilidade e eficiencia dun enfoque innovador na xestión integral dun territorio cun sistema fluvial altamente modificado e cunha grande concentración agrogandeira que contribúa a cumprir cos obxectivos ambientais da Directiva Marco da Auga.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE CATRO MILLÓNS DE EUROS AO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL CO OBXECTIVO DE GARANTIR UNHA VIVENDA ÁS FAMILIAS EN RISCO DE PERDER O SEU FOGAR

- *O Diario Oficial de Galicia publicará nas vindeiras datas a convocatoria de 2016 destas axudas*
- *As axudas consisten nun bono de 150 euros mensuais durante un máximo de 2 anos, máis unha achega adicional de 450 euros para os gastos dun novo contrato ou para atender pagamentos pendentes*
- *Poderán beneficiarse delas as persoas que non poidan pagar o arrendamento e afronten unha demanda por este motivo; as vítimas de violencia de xénero e os que por circunstancias extraordinarias sufran a perda imprevista da súa vivenda*
- *A Xunta amplía os supostos cubertos polo Bono de Alugueiro Social para atender con maior eficacia as necesidades sociais en materia de vivenda trasladadas polos distintos colectivos que participaron na rolda de contactos aberta pola Administración autonómica*
- *Esta axuda é unha das dez medidas postas en marcha polo Goberno galego para facer fronte ao drama dos desafiuzamentos*

O Consello da Xunta acordou hoxe destinar algo máis de 4 millóns de euros ao Bono de Alugueiro Social, co obxectivo de garantir unha vivenda ás familias en risco de perder o seu fogar. O Goberno galego deulle así o visto e praxe aos compromisos de gasto plurianuais derivados da Orde pola que se establecerán as bases reguladoras das subvencións do programa do Bono de Alugueiro Social, que se publicará nas vindeiras datas no *Diario Oficial de Galicia*, coa súa convocatoria para o ano 2016.

Estas axudas, cun importe de 150 euros mensuais, concédense por un período de 12 meses, que poderán prorrogar logo da solicitude do interesado, por un período igual ao da concesión inicial ata un máximo de dous anos. Alén disto, o programa contén unha axuda adicional de 450 € para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de permanecer na mesma vivenda, para atender pagamentos pendentes.

Dado que as axudas teñen carácter plurianual, os fondos destinados a estas axudas distribúense en tres anos:

2016	2017	2018	Total
1.425.000 €	1.600.000 €	1.000.000	4.025.000

Para a nova convocatoria do Bono de Alugueiro Social, a Xunta decidiu ampliar os supostos de coberta das axudas, co obxectivo de atender con maior eficacia as

necesidades sociais en materia de vivenda que foron trasladadas nos últimos meses polos distintos colectivos que participaron na rolda de contactos aberta pola Administración autonómica.

Así, poderán acollerse a estas axudas as persoas que, por motivos económicos, non poidan afrontar o pagamento da renda do alugueiro da súa vivenda habitual e afronten unha demanda xudicial de desafiuzamento por este motivo, ou ben unha resolución xudicial que ordene o desaloxo do domicilio.

Ademais, poderán solicitar o Bono de Alugueiro Social as vítimas de violencia de xénero con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que no momento da solicitude se atopen residindo nunha casa de acollida das integradas na rede galega de atención a este colectivo e adscritos a unha Administración pública.

Finalmente, tamén poderán acceder a estas axudas as unidades de convivencia que non poidan asumir o custo de alugar unha vivenda e que foran privados da súa residencia habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrepida, tales como incendios, inundacións, etc.

O Bono de Alugueiro Social é unha das 10 medidas postas en marcha polo Goberno galego para facer fronte ao drama dos desafiuzamentos.

- 1. Lei 8/2012**, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, que estableceu medidas para evitar os desafiuzamentos nas vivendas de promoción pública e permitir a dación en pagamento nas vivendas protexidas.
- 2. Programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias**, aprobado polo Consello da Xunta o 5 de decembro de 2012 e que segue en vigor. Ten por finalidade dar cobertura a todas as persoas que perdan a súa única vivenda nun procedemento de execución hipotecaria, soliciten a inclusión no programa e teñan uns ingresos ponderados inferiores a 2,5 veces o IPREM.
- 3. Convenio entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a Fegamp**, asinado o 8 de abril de 2013, co obxecto de establecer un protocolo de actuación conxunta para detectar os casos de especial vulnerabilidade en procedementos de lanzamento de vivenda familiar e adoptar medidas de carácter social e de realoxo que evite os efectos da perda de vivenda.
- 4. Programa Reconduce**, posto en marcha o 3 de outubro de 2013, cun enfoque preventivo e coa finalidade de crear un marco de coordinación dos servizos das

diferentes consellerías que se poñen á disposición para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuzamento.

5. **Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020**, aprobado polo Consello da Xunta o 12 de febreiro de 2015, que pretende facilitar o acceso á vivenda ás familias que máis o necesitan e que inclúe unha serie de medidas tendentes a reforzar o Programa de realoxo de afectados por execucións hipotecarias.
6. **Convenio coa Sareb**, asinado no marco do Plan RehaVita o 17 de marzo de 2015, co obxecto de que o IGVS poida dispoñer de vivendas desta sociedade con destino a alugamento social para as persoas con maiores dificultades e de forma especial para os afectados por execucións hipotecarias.
7. **Convenios de colaboración con varias entidades financeiras** coa finalidade de solucionar as necesidades residenciais de persoas afectadas por execucións hipotecarias. Os convenios asináronse con Abanca o 6 de xullo de 2015, Caixa Rural Galega o 7 de xullo, e Banco de Sabadell en setembro de 2015, e previsiblemente adheriranse máis entidades.

As entidades comprométese a non desaloxar vivendas sometidas a execución hipotecaria, permitindo aos afectados continuar nelas en réxime de alugamento social e, por outra parte, ceden vivendas baleiras da súa propiedade para alugamento social.

8. **Convenio co Valedor do Pobo** para canalizar as posibles situacións de especial necesidade de vivenda de tal xeito que poidan ser avaliadas e, no seu caso, atendidas de forma inmediata polo IGVS.
9. **Bono de Alugueiro Social**, aprobado polo Consello da Xunta en agosto de 2015, que facilita apoio urxente, inmediato e puntual a familias que precisen dunha especial atención pola perda da vivenda habitual en réxime de alugamento ante a imposibilidade de facer fronte ao pagamento da renda.

O Bono de Alugueiro Social consiste nunha axuda de 150 euros mensuais durante doce meses, prorrogables por outros doce. E ademais, disporán tamén dunha axuda única de 450 euros para facer fronte a pagamentos atrasados ou aos gastos de formalización dun novo contrato.

10. **Censo de Vivendas Baleiras**, que se implantará en 2016 e permitirá coñecer a situación real das vivendas baleiras en Galicia, propiedade de entidades financeiras

e da Sareb, co obxecto de poder deseñar as oportunas políticas públicas orientadas á súa ocupación.

A COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA E O LIGAL PERMITIRÁ FACER NO 2016 CASE 1,5 MILLÓNS DE MOSTRAS PARA AVANZAR NA MELLORA XENÉTICA DO GANDO FRISÓN DE GALICIA

- *O Consello deu o visto e praxe á sinatura da prórroga do convenio co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) para levar adiante este labor*
- *A Consellería do Medio Rural destina 425.050 euros para esta iniciativa, que servirá para avaliar xeneticamente os reprodutores e desenvolver o Programa de mellora xenética de frisón de Galicia*

O Goberno galego deu o seu visto e praxe á sinatura da prórroga dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal) para a realización das análises de mostras de leite procedentes do control leiteiro do gando vacún de Galicia. Esta colaboración permitirá facer durante o ano 2016 ata un total de 1.465.689 mostras.

A Xunta destina a esta acción un total de 425.050 euros. Con esta axuda financiaranse parcialmente as análises das mostras do control leiteiro oficial no ano 2016. Este convenio de colaboración estará vixente ata o 31 de decembro de 2016.

A finalidade desta cooperación na realización de análises é a obtención de datos para avaliar xeneticamente aos reprodutores e poder desenvolver o Programa de mellora Xenética de Frisón de Galicia. Este programa ten por obxecto poñer á disposición dos gandeiros galegos material xenético de alta calidade producido en Galicia para obter animais máis selectos e eficientes na produción de leite e, deste xeito, mellorar a súa competitividade.

O LIGAL

É o laboratorio designado por decreto como entidade oficial para realizar as análises das mostras de leite dos controis leiteiros oficiais de todas as especies en Galicia e para colaborar coa Consellería de Medio Rural no control leiteiro de Galicia. Organiza a loxística da recollida e análise das mostras de leite e pon á disposición das asociacións provinciais de control leiteiro os datos obtidos para o seu posterior tratamento.

A XUNTA CONTINÚARÁ APOSTANDO EN 2016 POLOS CONCELLOS GALEGOS E PRIMARÁ NAS SÚAS AXUDAS OS PROXECTOS DE XESTIÓN COMPARTIDA

- *O Consello informou das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental e de Infraestruturas de Uso Público, que suman máis de 16 millóns de euros*
- *As axudas de infraestruturas amplían a súa contía máxima para proxectos de xestión compartida, que pasan de 46.000 a 50.000 euros*
- *A Xunta puxo en marcha o FCA en 2010, permitindo por vez primeira aos concellos galegos beneficiarse directamente da explotación de enerxía eólica*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre as ordes de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental (FCA) e de Infraestruturas de Uso Público, ambas destinadas ás entidades locais de Galicia para o vindeiro ano. A asignación inicial das dúas ordes supera os 16 millóns de euros: 11 millóns para o FCA e 5,3 millóns para Infraestruturas.

As subvencións do FCA están destinadas á realización de actuacións de investimento e a custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural. Concretamente, fináncianse actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, ao coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis á recuperación do medio natural degradado ou contaminado; actuacións de impulso da eficiencia e de utilización sustentable das enerxías renovables e outras actuacións de protección do ambiente e do espazo natural.

Como vén sendo habitual, a orde inclúe dúas liñas de axudas diferenciadas: en concorrencia non competitiva e competitiva. A primeira está destinada a aqueles concellos cuxo territorio municipal estea dentro dunha poligonal de delimitación dun parque eólico, así como polos afectados pola correspondente instalación de conexión ou vía de evacuación.

Pola súa banda, a segunda liña de axudas é de natureza competitiva e poderán optar a ela todos os concellos galegos que formulen petición de maneira individual, os que o fagan de maneira conxunta -mediante agrupacións ou asociacións de concellos-, as mancomunidades e consorcios locais de Galicia.

Nesta última liña, as subvencións concedidas non poderán exceder os 40.000 euros nas solicitudes individuais e os 120.000 euros euros no caso de mancomunidades, consorcios locais, agrupacións e asociacións de concellos, así como por concellos resultantes dunha fusión municipal constituída nos últimos cinco anos. No caso de presentar solicitudes só para gastos de funcionamento, os orzamentos máximos non

poderán exceder os 20.000 euros para as solicitudes individuais e 60.000 para as conxuntas.

Un fondo procedente do canon eólico

O Fondo de Compensación Ambiental foi unha iniciativa posta en marcha en 2010 pola Xunta que permitiu por vez primeira aos concellos galegos beneficiarse directamente da explotación de enerxía eólica en Galicia; posto que se financia a través do 'canon eólico'. Ademais, contribúe a reparar o impacto ambiental e paisaxístico derivado da instalación de parques eólicos e aplícase a actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente.

O Fondo representa o forte compromiso do Goberno galego coas facendas locais e o ambiente, ademais de ser unha clara mostra da aposta da Xunta polo reequilibrio territorial, xa que beneficia sobre todo a municipios pequenos e do interior de Galicia e supónlles, ano tras ano, unha importante fonte de ingresos nestes momentos de dificultades económicas.

Infraestruturas de uso público

Doutra banda, no Consello de hoxe tamén se informou sobre a convocatoria de axudas para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos galegos en 2016.

As actuacións susceptibles de ser beneficiadas responderán a proxectos de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos -prazas, paseos, rúas, parques públicos e parques infantís-; edificios ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos administrativos; e instalacións deportivas de uso público; así como as súas respectivas dotacións de equipamentos. Ademais, tamén serán subvencionables a instalación, ampliación ou mellora das redes de iluminación pública e a pavimentación de vías municipais, que non estean incluídas no programa de mellora de camiños do concello.

Poderán beneficiarse destas axudas aqueles concellos de Galicia, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, que teñan menos de 30.000 habitantes sempre que remitisen as contas municipais do exercicio 2014 ao Consello de Contas.

A axuda económica que se conceda poderá financiar como máximo ata o 80 por cento do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 40.000 euros para as solicitudes individuais e de 50.000 euros para as solicitudes conxuntas.

A este respecto cómpre destacar que estas últimas axudas, ás cales corresponden a proxectos compartidos, aumentaron nesta convocatoria e pasan dos 46.000 aos

50.000 euros. Esta subida consolida e reforzan as medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles e continúa a senda iniciada en 2013, de incentivar a cooperación entre concellos e os procesos de fusión municipal.

Estas axudas reforza a aposta da Xunta polo rural galego, que apoia as entidades locais no financiamento de proxectos esenciais para incentivar o asentamento de poboación no rural. As subvencións están cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 360.000 EUROS A AXUDAS PARA COMPENSAR OS DANOS OCASIONADOS POR ATAQUES DE LOBO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta convocatoria, cuxo período de vixencia se estende desde o 1 de outubro deste ano ata o 30 de setembro de 2016*
- *A contía consignada para o próximo exercicio triplica á da anterior convocatoria, co fin de chegar ao máximo número de beneficiarios posibles*

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio destinará o próximo ano un total de 360.000 euros á orde de axudas destinada a compensar os danos ocasionados por ataques de lobos ás reses de explotacións gandeiras de Galicia. Este orzamento supón triplicar ao da anterior orde, co fin de chegar ao máximo número de beneficiarios posibles.

O Consello da Xunta aprobou hoxe esta convocatoria, que abranguerá o período que vai desde o 1 de outubro deste mesmo ano ata o 30 de setembro do próximo exercicio. Poderán optar a estas subvencións os propietarios de gando vacún, ovino, cabrún, equino e porcino de Galicia, sempre que os danos procedan de ataques que non podían evitarse.

O lobo mantén en Galicia unha poboación abundante, que se estende por unha ampla zona do territorio da comunidade autónoma. Esta especie constitúe non só un expoñente da nosa biodiversidade, senón que tamén supón un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que se desenvolve.

As necesidades alimenticias desta especie entran a veces en conflito cos intereses do sector gandeiro. Por iso, esta orde de axudas de carácter compensatorio ten como obxectivo conciliar o interese pola pervivencia da especie coa viabilidade das actividades gandeiras.

Ademais desta iniciativa, o Goberno autonómico conta cun Plan de xestión do lobo desde 2008, que combina medidas tanto no eido da prevención como no de compensación de danos.